



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o un de xuño do ano dous mil dezaoto, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.ª Villarino Pardo e don Pablo Pérez Perez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asisten á sesión os deputados provinciais don Jorge Pumar Tesouro e don Juan Anta Rodríguez, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 11 DE MAIO DE 2018.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día once de maio de dous mil dezaoto, a Xunta de Goberno da Deputación acordou, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2018.-

Unha vez finalizado o prazo de alegacións á resolución provisional de data 26 de abril de 2018, do concurso público para a concesión de subvencións para realización de festivais, ciclos, mostrase ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2018, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas pola Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o 22 de xaneiro de 2018 e publicadas no BOP n.º 27, do 2 de febreiro de 2018), vista a proposta de resolución das alegacións formuladas e de resolución do concurso formulada pola Comisión de Valoración con data 24 de maio de 2018, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno adopta o seguinte acordo:



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

1º) Non admitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

1.1) Por presentar a dita solicitude fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria:

CONCELLO DE XINZO DE LIMIA	IV FESTIVAL DE BANDA DE GAITAS VILA DE XINZO 2018	P320338UC
----------------------------	--	-----------

1.2) Por non presentar a documentación valorable, non sendo esta emendable:

ASOCIACION CULTURAL EIRASENDA	PATRIMONIO E MUSICA NO RIBEIRO	G32443160
-------------------------------	-----------------------------------	-----------

1.3) Por non estar a entidade legalmente constituída á data da presentación da solicitude:

ASOCIACION MUSICAL A BANDA DO CAMIÑO	A BANDA DO CAMIÑO	
---	-------------------	--

2º) Excluir da valoración os seguintes proxectos, polos motivos que se indican:

- CONCELLO DE LOBEIRA: "1 ciclo sobre o legado de don Xaquín Lorenzo Xocas" e "Mostra da obra de don Xaquín Lorenzo Xocas". Tendo en conta que, pese a presentar dúas solicitudes diferentes con títulos aparentemente diferentes, a memoria é idéntica en ambos casos, polo que o motivo da exclusión tamén é o mesmo: trátase dunha exposición de fotos na porta do parque do Concello de Lobeira e xogos populares para os veciños, actividade esta que non se corresponde coa definición do obxecto deste concurso (... "financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais").
- CONCELLO DE VIANA DO BOLO: Este concello presentou solicitude de subvención para o proxecto "IV XOSTRA ROCK", pero presentou un orzamento que non se corresponde con este proxecto senón con outro para o que tamén hai solicitude de subvención ("Ciclo outono teatral 2018"); pese a que se deduce claramente que foi erro, xa que a descrición da memoria se corresponde co proxecto, procede excluir esta solicitude, xa que, de conformidade coa base quinta.3 ... "non serán obxecto de valoración, denegándose a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b)".
- SUSTINEA: "Feira de Mostras do Concello de Lobetra". Non ten encaixe nesta convocatoria, xa que se trata dunha feira-mostra, tal e como o seu propio nome indica, de produtos ecolóxicos, vida sa e consumo responsable actividade esta que non se corresponde coa definición do obxecto deste concurso (... "financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais").
- ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL S.L.: Non presenta orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos, imposibilitando a correcta



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

valoración do proxecto, de conformidade co establecido na base quinta.3 da convocatoria que dispón que se lles denegará a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se achegue o orzamento do apartado b) da dita base quinta da convocatoria.

3º) **Aceptar as renuncias** presentadas pola Asociación Coro de Cámara Música Viva e pola Asociación Cultural Live For Madness, para a realización dos proxectos "III Música na ruta dos Mosteiros 2" e "8º Live for Madness Metal Fest", respectivamente.

4º) **Desestimar as alegacións** presentadas por don José Manuel Freiria Rodríguez, en representación de Escena Sonora Producción Cultural S.L. ("Festival Fax"), e don Secundino Fernández Fernández, en representación do Concello de Viana do Bolo ("IV Xastra Rock") polos motivos indicados na parte expositiva da acta, que se incorpora como anexo ao acto de resolución ao abeiro do disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5º) **Concederlles, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, aos proxectos seguintes:**

Solicitante	Actividade	Int. Soc.	Auto Fina.	Total Punt.	Importe concedido
ACR XUVENIL REBULE ARNOIA - CIF: G32466906					
	IV FESTIVAL PANDERETEIRAS ARNOIA VIVA	0.8	7	7.81	1.276,88 €
AGRUPACION FOLCLORICA QUEIXUMES DOS PINOS - CIF: G32224198					
	III FESTIVAL INTERNACIONAL DE MUSICA SONAMOS GALICIA	2.2	10	12.15	1.924.21 €
	VII FESTIVAL INTERNACIONAL IGF CARAVAN 2018	2.1	10	12.06	1.909,96 €
SABADOS EN FESTA ASOCIACION CULTURAL E XUVENIL TIOIRA - CIF: G32320129					
		1.7	10	11.72	1.856.11 €
XXI SAN ROQUE&ROLL ASOCIACION CULTURAL LIRADAVIA - CIF: G32408353					
		6.9	10	16.88	2.673,30 €
	SOPROS MUSICAIS		10	12.24	1.938.46 €



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

NOTA: NUMERACIÓN
DAS ENTIDADES
LOCAIS

ASOCIACION CULTURAL MUSICA E CULTURA DE GALICIA - CIF: G32326464

2,2

FESTIVAIS DAS XXVII XORNADAS DE
EXALTACION DAS LETRAS E A MUSICA DE
GALICIA

1,9 10 11,90 760,00 €

XI FESTIVAL DA MUSICA POPULAR

2,0 10 11,98 900,00 €

V FESTIVAL DA PRIMAVERA

3,4 10 13,42 790,00 €

ASOCIACION CULTURAL REBULIR - CIF: G32378960

XIII FESTIVAL INTERNACIONAL REBULIR
2018

5,1 10 15,11 2.392,99 €

ASOCIACION CULTURAL SILFEST - CIF: G32463812

SILFEST

8,5 10 18,49 2.928,28 €

ASOCIACION CULTURAL XINGROS - CIF: G78353412

V FESTIVAL HERCULES BRASS CELANOVA

12,9 10 22,85 3.618,28 €

**ASOCIACION DE MULLERES RURAIS DA RAIA - CIF:
G32317398**

LAROUCOFEST

3,9 10 13,92 2.204,53 €

**ASOCIACION DE VECIÑOS PARROQUIA DE MANDRAS
- CIF: G32247538**

SERAN TRADICIONAL EN MANDRAS

2,6 5 7,56 1.197,29 €

**ASOCIACION ECOLOXICO EDUCATIVA CULTURAL
ARTEFICIAL - CIF: G32364937**

XII FESTIVAL ARTEFICIAL

4,7 10 14,67 2.323,50 €

ASOCIACION MUSICAL AURIA AQUA MUSICA - CIF:



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

G32433872

VOCES EN EL CAMINO 3,7 7 10,65 1.686,65 €
ASOCIACION ORFEON DO CARBALLIÑO - CIF: G32166910

FESTIVAL DE HABANERAS 1,6 7 8,64 1.368,33 €
ASOCIACION RONDALLA ALECRIN - CIF: G32255382

XVIII CERTAME RONDALLAS E CORAIS
SANTIAGO APOSTOLO 3,2 10 13,18 2.087,33 €
ASOCIACION TRADICIONS E BUSCAS.FEIRA DA PEPA
LOBA - CIF: G32455042

FEIRA FESTA DE ARTESANIA PEPA LOBA 2,0 7 9,03 1.430,00 €
ASOCIACIÓN TRASPEDIANTE CULTURA - CIF: G70174693

CORPO A TERRA 7,8 7 14,82 2.347,06 €
CONCELLO DA ARNOLA - CIF: P3200400D

IV FESTIVAL DE PANDERETEIRAS 1,6 7 8,60 1.361,99 €
CONCELLO DA PEROXA - CIF: P3206000F

IV FESTIVAL CHARANGAS "NOITE DOS
METELOS" 0,8 7 7,76 1.228,96 €
CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS - CIF: P3200800E

SON DA BURGA 1,6 10 11,58 1.833,94 €
CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO - CIF: P3202300D

RIBEIRO BLUES WINEFESTIVAL 9,9 7 16,86 2.670,14 €
CONCELLO DE LOBEIRA - CIF: P3204200D

FESTIVAL DE AGRUPACIONS MUSICAIS
TRADICIONAIS DA LIMIA 7 8,06 1.276,47 €



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

APPEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCALES**CONCELLO DE PARADA DE SIL - CIF: P3205800J**

1.1

IV CERTAME DE CORAIS AQUA MUSICA
RIBEIRA SACRA

2,5 7 9,50 1.504,53 €

CONCELLO DE RIBADAVIA - CIF: P3207000E

FESTIVAL UKP DAY

5,3 7 12,32 1.951,13 €

CONCELLO DE VIANA DO BOLO - CIF: P3208700I

CICLO DE OUTONO TEATRAL

1,8 10 11,82 1.871,95 €

CONCELLO DE VILAMARIN - CIF: P3208800G

NOITES TEATRAIS 2018. XXXI EDICION

4,5 7 11,46 1.814,93 €

**CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBIA - CIF:
P3203700D**

XXIX CICLO DE ORGANO MUSICA ANTIGA

4,8 7 11,81 1.870,36 €

**CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS - CIF:
P3201000A**

VI CICLO DE PERTO

5,5 10 15,51 2.456,34 €

CONCELLO DO CARBALLIÑO - CIF: P3202000J

X EDICION DO FESTIVAL DL TITERES

2,6 10 12,60 1.995,48 €

**CORAL POLIFONICA CASINO DO CARBALLIÑO - CIF:
G32102535**

FESTIVAL GALAICO PORTUGUES

0,7 5 5,66 896,38 €

CORAL RONDALLA OS AFIADORES - CIF: G32319667XV FESTIVAL INTERNACIONAL CORAL L.
RONDALLAS

0,4 10 10,40 740,00 €



(Sinatura do Presidente)

Folleto N.º 7

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

CORO DE CAMARA MUSICA VIVA - CIF: G32392813

III FESTIVAL OUTROS PAISES OUTRAS
MUSICAS

0,6 7 7,61 1.205,20 €

HECTOR GARCIA GUERRA - CIF: 34997925K

TERRA MAXICA 2018

4,2 10 14,19 2.217,29 €

ISAAC RODRIGUEZ Y DAVID RODRIGUEZ SC - CIF:
J32271496

AMERICAN AUTOMN 2018

7,6 10 17,60 2.787,32 €

JAIME SILVA CRESPO - CIF: 34969291E

II CONGRESO DE BAILE SBN WEEKEND
OURENSE

1,1 10 11,06 1.751,58 €

OUREN ROCK SOUND PRODUCCIONS SL - CIF:
G32487050

III FESTIVAL OURENROCK SOUND

27,11 10 37,00 5.859,73 €

TELECASTER EVENTS SL - CIF: B87938759

ROMERIA ROCK ARENTEIRO

9,5 10 19,55 3.096,16 €

TIRULEQUE GRUPO DE TEATRO - CIF: G32034928

MOSTRA DE TEATRO AMADOR TERRAS DO
ORCELON 2018

2,7 10 12,67 2.000,00 €

ANEXO:

ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES DA PROPOSTA PROVISIONAL DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS PRESENTADOS AO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONs PARA A REALIZACIÓN DE FESTIVAIS, CICLOS, MOSTRAS OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2018. (BOP N.º 27, DO 2 DE FEBREIRO DE 2018).



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

En Ourense, no Pazo Provincial, ás doce horas do día 26 de abril de dous mil dezoito, reuniuse a Comisión de Valoración do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións para a realización de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas correspondentes ao exercicio 2018 (cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP nº 27, do 2 de febreiro de 2018)) e formulouse proposta provisional do concurso.

Con data 4 de maio de 2018 someteuse esta proposta provisional de resolución a trámite de audiencia polo período de dez días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación.

En dito prazo de audiencia, presentaron renuncia ás contías de subvencións emitidas na proposta provisional de resolución, as seguintes entidades:

- ASOCIACIÓN CULTURAL LIVE FOR MADNESS, para a realización do proxecto "8º Live For Madness Metal Fest". (2.048,87€).
- ASOCIACIÓN CORO DE CAMARA MUSICA VIVA, para o proxecto "/// Música na Ruta dos Mosteiros". (1.479,24€).

Polo tanto e, de conformidade coa base décima das que rexen a convocatoria, procédese ao reparto dos remanentes producidos por estas dúas renuncias e, en aplicación, en todo caso, dos criterios de valoración establecidos na base novena.

Así mesmo, presentaron escrito de alegacións as seguintes entidades:

- ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL S.L.

Dita entidade foi excluída da valoración por non presentar orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos.

O alegante indica, por un lado, que non desglosaron o orzamento en gastos e ingresos porque non teñen confirmación das achegas a recibir polo Concello de Xinzo de Limia e da recadada en billeteira e, por outro lado, e en relación ao apartado de gastos, non poden ter un desglose porque vai en función dos ingresos.

A este respecto, indícase o seguinte:

A base quinta3 b), relativa á documentación para a valoración das solicitudes para presentar polas persoas físicas e xurídicas, indica que deberá presentarse, entre outros datos, un orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos; así mesmo, e tendo en conta que se trata dun procedemento de concorrència competitiva, e, polo tanto, non sendo emendable dita documentación, a mesma base quinta advirte expresamente que "*...non serán obxecto de valoración, denegándose a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b).*"

Por último, sinalase que o orzamento é un dos elementos que forman parte dos criterios de valoración dispostos na base novena das que regulan a convocatoria, e polo tanto, necesario para poder valorar o proxecto presentado polo solicitante e, en consecuencia, para poder emitir unha proposta de concesión de subvención.

Polo tanto, a Comisión de Valoración mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

- CONCELLO DE VIANA DO BOLO:

A solicitude deste concello foi excluída por presentar, por un erro, un orzamento que non se correspondía co proxecto obxecto de valoración.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

Na alegación presentada, advirten e recoñecen este erro e solicitan se lles teña en conta o orzamento correspondente que presentan co escrito de alegacións.

A este respecto, tal e como se indicou na proposta provisional de resolución, dedúcese claramente que foi un erro, xa que a memoria si se corresponde coa solicitude da subvención; non obstante, ao tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, a documentación valorable non é obxecto de emenda, tal e como se establece de forma expresa nas bases da convocatoria polo que a presentación do orzamento co escrito de alegación ten carácter extemporáneo e non se pode ter en conta.

En consecuencia, a Comisión de Valoración mantén o enunciado na proposta provisional de resolución.

En virtude de canto antecede, a comisión, por unanimidade, **acorda elevarlle á Xunta de Goberno da Deputación proposta definitiva de resolución do concurso co seguinte contido:**

1º) Inadmitir a trámite as seguintes solicitudes, polos motivos que se indican:

1.1) Por presentar dita solicitude fora do prazo establecido nas bases da convocatoria:

CONCELLO DE XINZO DE LIMA	IV FESTIVAL DE BANDA DE GAITAS VILA DE XINZO 2018	P3203300C
---------------------------	--	-----------

1.2) Por non presentar a documentación valorable, non sendo esta emendable:

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRASENDA	PATRIMONIO E MÚSICA NO RIBEIRO	G3244316U
-------------------------------	-----------------------------------	-----------

1.3) Por non estar a entidade legalmente constituída a data da presentación da solicitude:

ASOCIACIÓN MUSICAL A BANDA DO CAMIÑO	A BANDA DO CAMIÑO	
---	-------------------	--

2º) Excluir da valoración os seguintes proxectos polos motivos que se indican:

- **CONCELLO DE LOBEIRA:** *"1 ciclo sobre o legado de don Xaquín Lorenzo Xocas"* e *"Mostra da obra de don Xaquín Lorenzo Xocas"*. Tendo en conta que pese a presentar dúas solicitudes diferentes con títulos aparentemente diferentes, a memoria é idéntica en ambos casos polo que o motivo da exclusión tamén é o mesmo: trátase dunha exposición de fotos na porta do parque do Concello de Lobeira e xogos populares para os veciños, actividade esta que non se corresponde coa definición do obxecto deste concurso (... "*financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais*").
- **CONCELLO DE VIANA DO BOLO:** Este concello presentou solicitude de subvención para o proxecto *"IV XOSTRA ROCK"*, pero presentou un orzamento que non se corresponde con este proxecto senón con outro para o que tamén hai solicitude de subvención (*"Ciclo outono teatral 2018"*); pese a que se deduce claramente que foi erro xa que a descrición da memoria se corresponde co proxecto, procede excluir esta solicitude xa que de conformidade coa base quinta.3 ... "*non serán obxecto de valoración, denegándose a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen, cando menos, a memoria descritiva co contido definido no apartado a) e o orzamento do apartado b).*"



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

- **SUSTINEA:** "Feira de Mostras do Concello de Lobeira". Non ten encaixe na presente convocatoria xa que se trata dunha feira-mostra, tal e como o seu propio nome indica, de produtos ecolóxicos, vida sa e consumo responsable actividade esta que non se corresponde coa definición do obxecto deste concurso (... "*financiamento de festivais, ciclos, mostras ou actividades análogas relacionadas coas artes escénicas e musicais*").

▪ **ESCENA SONORA PRODUCCIÓN CULTURAL S.L.:** Non presenta orzamento individualizado e detallado en ingresos e gastos, imposibilitando a correcta valoración do proxecto, de conformidade co establecido na base quinta.3 da convocatoria que dispón que se denegará a concesión da subvención a aquelas solicitudes nas que non se acheguen o orzamento do apartado b) da dita base quinta da convocatoria.

3º) **Aceptar as renuncias** presentadas pola Asociación Coro de Cámara Música Viva e pola Asociación Cultural Live For Madness, para a realización dos proxectos "*III Música na ruta dos Mosteiros 2*" e "*8º Live for Madness Metal Fest*", respectivamente.

4º) **Desestimar** as alegacións presentadas por don José Manuel Freiria Rodríguez, en representación de Escena Sonora Producción Cultural S.L. ("*Festival Fax*"), e don Secundino Fernández Fernández, en representación do Concello de Viana do Bolo ("*IV Xetra Rock*") polos motivos indicados na parte expositiva da presente acta, que poderá incorporarse como anexo ao acto de resolución ao abeiro do disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5º) **Conceder, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ós proxectos seguintes:**

Solicitante	Actividade	Int. Soc.	Auto Fina.	Total Punt.	Importe Concedido
ACR XUVENIL REBULE ARNOIA - CIF: G32466906					
	IV FESTIVAL PANDERETEIRAS ARNOIA VIVA	0,8	7	7,81	1.236,88 €
AGRUPACION FOLCLORICA QUEIXUMES DOS PINOS - CIF: G32224198					
	III FESTIVAL INTERNACIONAL DE MUSICA SONAMOS GALICIA	2,2	10	12,15	1.924,21 €
	VII FESTIVAL INTERNACIONAL IGF CARAVAN 2018	2,1	10	12,06	1.909,96 €
SABADOS EN FESTA ASOCIACION CULTURAL E XUVENIL TIQIRA - CIF: G32320129					
	SABADOS EN FESTA	1,7	10	11,72	1.856,11 €
XXI SAN ROQUE&ROLL ASOCIACION CULTURAL LIRADAVIA - CIF: G32408353					
	XXI SAN ROQUE&ROLL	6,9	10	16,88	2.673,30 €
	SOPROS MUSICAIS		10	12,24	



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

APEL NUMERACIÓN
CORPORACIÓNS
LOCAIS

					1.938,46 €
	2,2				
ASOCIACION CULTURAL MUSICA E CULTURA DE GALICIA - CIF: G32326464					
FESTIVAIS DAS XXVII XORNADAS DE EXALTACION DAS LETRAS E A MUSICA DE GALICIA	1,9	10	11,90		760,00 €
XI FESTIVAL DA MUSICA POPULAR	2,0	10	11,98		900,00 €
V FESTIVAL DA PRIMAVERA	3,4	10	13,42		790,00 €
ASOCIACION CULTURAL REBULIR - CIF: G32378960					
XIII FESTIVAL INTERNACIONAL REBULIR 2018	5,1	10	15,11		2.342,99 €
ASOCIACION CULTURAL SILFEST - CIF: G32463812					
SILFEST	8,5	10	18,49		2.928,28 €
ASOCIACION CULTURAL XINGROS - CIF: G76353412					
V FESTIVAL HERCULES BRASS CELANOVA	12,9	10	22,83		3.618,78 €
ASOCIACION DE MULLERES RURAIS DA RAIA - CIF: G32317398					
LAROUCOFEST	3,9	10	13,92		2.204,53 €
ASOCIACION DE VECIÑOS PARROQUIA DE MANDRAS - CIF: G32247538					
SERAN TRADICIONAL EN MANDRAS	2,6	5	7,56		1.197,29 €
ASOCIACION ECOLOXICO EDUCATIVA CULTURAL ARTEFICIAL - CIF: G32364937					
XII FESTIVAL ARTEFICIAL	4,7	10	14,67		2.323,30 €
ASOCIACION MUSICAL AURIA AQUA MUSICA - CIF: G32433872					
VOCES EN EL CAMINO	3,7	7	10,65		1.686,65 €
ASOCIACION ORFEON DO CARBALLIÑO - CIF: G32166910					
FESTIVAL DE TIABANERAS		7	8,64		



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

1.368,33 €

1,6

ASOCIACION RONDALLA ALECRIN - CIF: G31255382

XVIII CERTAME RONDALLAS E
CORAIS SANTIAGO APOSTOLO

3,2

10

13,18

2.087,33 €

**ASOCIACION TRADICIONS E BUSCAS.FEIRA
DA PEPA LOBA - CIF: G31459042**

FEIRA FESTA DE ARTESANIA PEPA
LOBA

2,0

7

9,03

1.430,09 €

**ASOCIACIÓN TRASPEDIANTE CULTURA -
CIF: G78174693**

CORPO A TERRA

7,8

7

14,82

2.347,06 €

CONCELLO DA ARNOIA - CIF: P3200400D

IV FESTIVAL DE PANDERETEIRAS

1,6

7

8,69

1.361,99 €

CONCELLO DA PEROXA - CIF: P3206000F

IV FESTIVAL CHARANGAS "NOITE
DOS METELOS"

0,8

7

7,76

1.228,96 €

**CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS - CIF:
P3200800E**

SON DA BURGA

1,6

10

11,58

1.833,94 €

**CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO - CIF:
P3202300D**

RIBEIRO BLUES WINEFESTIVAL

9,9

7

16,86

2.670,14 €

CONCELLO DE LOBEIRA - CIF: P3204200D

FESTIVAL DE AGRUPACIONS
MUSICAIS TRADICIONAIS DA
LIMIA

1,1

7

8,06

1.276,47 €

**CONCELLO DE PARADA DE SIL - CIF:
P3205800J**

IV CERTAME DE CORAIS AQUA
MUSICA RIBEIRA SACRA

2,5

7

9,50

1.504,53 €

CONCELLO DE RIBADAVIA - CIF: P3207000E

FESTIVAL UKP DAY

5,3

7

12,32

1.951,13 €

**CONCELLO DE VIANA DO BOLO - CIF:
P3208700I**



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xullo de 2018

APELIDAMENTO
CORPORACIÓN
LOCAL

CICLO DE OUTONO TEATRAL CONCELLO DE VILAMARIN - CIF: P3208800G	1,8	10	11,82	1.871,95 €
NÖTES TEATRAIS 2018. XXXI EDICION CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBIA - CIF: P3203706D	4,5	7	11,46	1.814,93 €
XXIX CICLO DE ORGANO MUSICA ANTIGA CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS - CIF: P3201080A	4,8	7	11,81	1.870,36 €
VI CICLO DE PERTO CONCELLO DO CARBALLIÑO - CIF: P3202006J	5,5	10	15,51	2.456,34 €
X EDICION DO FESTIVAL DE TITERES CORAL POLIFONICA CASINO DO CARBALLIÑO - CIF: G32102535	2,6	10	12,60	1.995,48 €
FESTIVAL GALAICO PORTUGUES CORAL RONDALLA OS AFIADORES - CIF: G32319667	0,7	5	5,66	896,38 €
XV FESTIVAL INTERNACIONAL CORAL E RONDALLAS CORO DE CAMARA MUSICA VIVA - CIF: G32392813	0,4	10	10,40	740,00 €
III FESTIVAL OUTROS PAISES OUTRAS MUSICAS HECTOR GARCIA GUERRA - CIF: 34997925K	0,6	7	7,61	1.205,20 €
TERRA MAXICA 2018 ISAAC RODRIGUEZ Y DAVID RODRIGUEZ SC - CIF: J32271496	4,2	10	14,19	2.247,29 €
AMERICAN AUTOMN 2018 JAIME SILVA CRESPO - CIF: 34969291E	7,6	10	17,60	2.787,33 €
II CONGRESO DE BAILE SBR WEEKEND OURENSE OUREN ROCK SOUND PRODUCCIONS SL - CIF: G32487050	1,1	10	11,00	1.751,58 €



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018OFELIUM FERIA
CORPORACIÓN
LOCAL

III FESTIVAL OURENROCK SOUND	27,0	10	37,00	5.839,73 €
TELECASTER EVENTS SL - CIF: B87938759				

ROMERÍA ROCK ARENTEIRO	9,5	10	19,55	3.096,36 €
TIROLEQUE GRUPO DE TEATRO - CIF: G32034928				

MOSTRA DE TEATRO AMADOR TERRAS DO ORCELLON 2018	2,7	10	12,67	2.000,00 €
---	-----	----	-------	------------

3.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO

AUDIOVISUAL. - No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48928-33420, unha subvención nominativa, por importe de 4.000,00 euros, a favor da Asociación Academia Galega do Audiovisual, para gastos de funcionamento da entidade: Premios María Luz Morales, correspondentes aos anos 2017 e 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Academia Galega do Audiovisual, nos seguintes termos:

-Importe: 4.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade: Premios María Luz Morales correspondentes aos anos 2017 e 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2018

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ESCUDERÍA OURENSE.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 48207-34111, unha subvención nominativa, por importe de \$1.000,00 euros, a favor de Escudería Ourense, para fomento do deporte.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar unha subvención á Escudería Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 51.000,00 euros.

-Obxecto: Fomento do deporte: celebración do Rally Ourense 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por conta equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 30 de setembro de 2018

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A SARABELA SL.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 334.20/489.26, unha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, a favor de Sarabela SL, para celebración do FITO 2018.

Unha vez vista a solicitude formulada pola representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** **acorda** aprobar unha subvención a Sarabela SL, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000,00 €.

-Obxecto: celebración do FITO 2018.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2018

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE SAN AMARO.- No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 450.12/462.15, a cantidade de 10.000,00 euros a favor do Concello de San Amaro, para gastos de bombeo en Razamonde.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** acorda aprobar unha subvención ao Concello de San Amaro, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de bombeo en Razamonde.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención acada o 100% do importe da subvención concedida.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.



Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018.

7.- APROBACIÓN DE PAGO ANTICIPADO DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS. - Con data do 4 de maio de 2018, por acordo da Xunta de Goberno concedéuselle ao Concello de Vilamartín de Valdeorras unha subvención nominativa, por importe de 35.000,00 euros, para o Proxecto As Letras de Florencio, con cargo á aplicación orzamentaria 46210-33420.

Con data 15 de maio de 2018, o Concello de Vilamartín de Valdeorras presenta, no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, un escrito no que solicita o anticipo do 100% do importe concedido para a realización do Proxecto As Letras de Florencio.

O artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense dispón que, se o beneficiario o solicita, se pode pagar o importe do anticipo solicitado, sempre que a entidade local beneficiaria da subvención, no momento do anticipo, non teña débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación, por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

De acordo co anteriormente exposto e co informe da Intervención desta Deputación Provincial, do día 29 de maio de 2018, no que se informa que o Concello de Vilamartín de Valdeorras non ten débedas con esta Deputación, e de conformidade coa proposta formulada, a Xunta de Goberno acorda aprobar o pago anticipado, por importe de 35.000.00 euros, ao Concello de Vilamartín de Valdeorras, para o Proxecto As Letras de Florencio.

O Concello de Vilamartín de Valdeorras deberá presentar a xustificación do gasto subvencionado, segundo o establecido no acordo de concesión.

8.- ASUNTOS DE URXENCIA. - Non se suscitaron.

9.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA. - Non se presentaron.

10.- ROGOS E PREGUNTAS. - Non se formularon.



(Sinatura do Presidente)

Folha N.º

21

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 1 de xuño de 2018

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día un de xuño do ano dous mil dezaoito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,